

SOBRE A TORTURA

Quixéramos concretar algo máis: parécenos que a palabra tortura é demasiado ampla, que o tema merece que entremos en detalles. Aínda que resulte desagradable é necesario saber en qué condicións sae, e o trato que recibe o animal na praza pra que non poidamos ter excusa pra rexeitar este espectáculo de forma activa. Por iso imos desplega-lo catálogo das torturas e os seus instrumentos aplicadas ó touro antes e durante a tourada:

Durante as semanas previas á tourada sumínstranselle laxantes misturados coa comida, os días anteriores o animal non é alimentado, nin se lle da auga nas horas que preceden ó evento. Propínanselle palizas con sacos de area ou paus nos riles e nos testículos.Úntanselle os ollos con vaselina pra que vexa peor do que xa de por si ve. Fánselle cortes nas pezuñas que se untan con aguarrás. Introdúceselle algodón no nariz para dificultarlle a respiración. Tápanse as orellas con papel de periódico húmido pra que perda equilibrio e reflejos. Afeitánselle os cornos, o que quere dicir que llos liman e recortan co que merman a súa principal defensa . Antes de saír á praza pasa horas totalmente a escuras.

O obxectivo é dobre: por un lado debilitalo e por outro alteralo pra que mostre unha aparencia brava ó saír o ruedo dende a escuridade, coas súas pezuñas escocéndolle. No momento de saír craváselle a divisa, obxecto punzante co que buscan que o touro, asustado, se embravezca aínda máis.

A tourada consiste en acentuar o enfeblecemento do animal, feito todo isto de forma programada segundo un reglamento. Conséguese este obxectivo cravando no corpo deste mamífero, poseedor dos mesmos órganos vitais e dun sistema nervoso central igual que o do humano e por tanto coa mesma capacidade que éste de sentir dor, diversos artiluxios metálicos:

A puya, que introduce un toureiro a cabalo(o picador) ata 40 cm no corpo do animal, facendo movementos para desgarrar-la carne o que lle provoca intensas perdas de sangue e unha inmensa sede, polo que a miúdo bebe o seu propio sangue. Como mínimo, aplicánselle dous puyazos.

As banderillas rematan en arpóns afiados de aceiro de 6 cm de longo, que se cravan nas zonas do corpo xa furadas pola puya .Cada touro debe ser castigado con tres pares de banderillas buscando que baixe a cabeza pra que sexa máis doado cravarlle a espada mortal. Ó moverse o animal e ó rozar co seu corpo a muleta provócanlle terribles dores e máis desangramento.

O estoque é unha espada de 45 cms que non ten fío, pra evitar cortes ó toureiro. Con ela preténdese alcanzar o corazón do animal e matalo. Secciona ó seu paso vasos sanguíneos vitais que provocan hemorraxias internas, que supoñen unha tremenda agonía. Non sempre atinan os toureiros e deben repeti-las estocadas unha e outra vez, chegando a fura-los pulmóns que se encharcan de sangue que o animal vomita. Como falamos dun animal moi forte, sucede que moitas veces nin con todo isto morre e, aquí entraría o penúltimo instrumento cortante usado nas touradas: a puntilla, que serve pra seccionarlle a médula espinal e que quede inmovilizado.

Os trofeos para o matador son partes do corpo do animal: as orellas e o rabo. Córtanllos cun coitelo, moitas veces estando o touro inmóvil pero vivo e consciente.

Podémolo saber polas imaxes de touros que patalexan neste intre. Non se aprecian de lonxe as lágrimas que verque a borbotóns, nin os xemidos, orina e heces que saen do seu corpo.

Ata aquí o catálogo das torturas.Xa o touro descansa en paz. Descansemos nós un pouco de falar do concreto. Xeralicemos a partir do dito: a tourada consiste nun progresivo enfeblecemento dun animal moi forte, aplicando os métodos máis eficaces, sen reparar no sofremento que poidan aparexar, pra conseguilo.

Desmontemos as mentiras: o animal non ataca, deféndese: un herbívoro non ten un interese especial en atacar a un ser humano, o que busca é fuxir da praza, pécorrea pra intentar saír .O animal mostra bravura, pero está provocada polo maltrato a que se ve sometido, antes e no momento de saír ó ruedo.O animal é forte, pero non tanto como aparenta, xa que ven moi debilitado e maltratado. O suposto enfrontamento a vida e morte entre home e animal, no que algúns consideran que está a morbosa arte deste espectáculo, está máis que decantado a favor do home. Os datos cantan: dende hai tres séculos, 79 toureiros morreron por feridas provocadas polas astas, pero 60.000 touros morren cada ano entre touradas e festexos populares só en España. Se a arte taurina descansa no risco que corre o humano, é normal que a afición teña minguado tanto.

Pero hai máis mentiras en torno ás touradas. Desmontemos a da tradición, na que moitos xustifican a súa pervivencia en Pontevedra:

SOBRE A HISTORÍA, A CULTURA E A TRADICIÓN

“Só nos opoñemos á barbarie, non ao que nos engrandece” respostou un edil antitaurino ao concelleiro de cultura de Ourense que pretendía introducir as touradas nas festas locais, baixo o argumento de que “engrandecerían a cultura galega”, reducida, na súa opinión “á gaita e mais á billarda”, e atrevéndose a comparar as corridas de touros coas sinfonías de Beethoven.

Iso xa pasou alá polo ano 2.000.

A ignorancia é desculpábel, non así a estupidez.

O caso citado ilustra o valor que os taurinos outorgan ao espectáculo que defenden, mais aló da cerimonia sádica de maltrato que ten lugar nas prazas de touros.

Atribúenlle o carácter de arte non só para elevar a categoría do que os demais ollamos como unha secuencia degradante na que se lesiona, mutila e mata un touro indefenso, dotando este rito dunha pátina metafísica e por veces cercana ao esotérico, que ouvimos dos “entendidos taurinos”, comentaristas grandilocuentes e sesudos articulistas que interpretan a destreza dos matarifes tal e como os augures da antiga Roma.

Para eles, o problema dos antitaurinos é que “non entendemos” as touradas. Non sabemos valorar o caviar cultural co que se nos agasalla, debido á nosa ignorancia ou á nosa incapacidade para o desfrute. Para eles, somos impotentes.

E se damos mostras de entendemento, entón o problema é de índole política, e aparece, como sempre, un vello adversario, case tan antigo como as touradas: a “anti-

españa". Seica pretendemos "politizar" as festas, como se eles non engalanasen con trapos de cores o seu recinto festivo nen fachendeasen dos políticos e empresarios de alta alcúrnica que acuden a ver o espectáculo.

Pero os anti-aurinos debemos ter en conta que as súas argumentacións proceden do campo do emocional, do irracional, co consecuente diálogo de xordos. Ao teren constituído un mito a partir das touradas, que forma parte á súa vez dunha mitoloxía que conciben como parte inseparábel do seu concepto de identidade, identificannos inmediatamente non como discrepantes, se non pura e simplemente como inimigos que poñen en perigo as súas tradicións seculares.

Mais, como lembramos no noso manifesto, as tradicións deben funcionar como soporte do que nos define e constrúe, mais tamén do que esperamos no futuro. Aquelas que están sustentadas na violencia e no aniquilamiento non fan máis que perpetuar comportamentos que deben ser rexeitados da sociedade.

Iso é o que tentamos comunicar ano tras ano nesta manifestación.

Nós, sabedores de que a mitoloxía desaparece en favor da ciencia, da mesma forma que sabemos que o sistema nervioso do touro padece o sufrimento de forma similar ao ser humano, queremos tamén repasar unha serie de feitos sobre a historia das touradas en Pontevedra.

Cando o rei Fernando VI, francés, proíbe as touradas en todo o estado en 1754, os historiadores tentan convencelo de que as orixes das mesmas se remontan "al tiempo de la invención del sagrado cuerpo". Algo similar sucede coas corridas en Pontevedra, que apesar de constituiren un fenómeno recente tentan levalas ao albor dos tempos.

Na época castrexa, así como durante a romanización, o sacrificio de animais estaba ligado ás ofrendas aos deuses. Coa cristianización dos ritos paganos, durante toda a Idade Media atopamos por Europa adiante sacrificios de reses e outros animais en festividades relixiosas, e non é raro que na Galiza da época, en Pontevedra ou Compostela se lanceasen de forma cruel bois durante as festas do Corpus ou en vésperas de San Xoán.

Xa na Idade Moderna, a partir dos Reis Católicos, a chegada de correxidores e cargos casteláns na administración favorece que de forma esporádica se lidien touros, como festexo alleo ás costumes galegas da época e que nunca chegou a arraigar realmente no país.

Temos que recordar que é no século XVIII cando se sistematiza a cria do touro bravo nos ecosistemas das devesas e se dictan as normas do que hoxe é coñecido como "corrida de touros", construándose as primeiras prazas de touros no reino de España.

Pero nen en Pontevedra nen no resto do territorio galego atopamos mención algunha a touradas durante esta etapa, tendo que agardarmos até finais do século XIX para que se constrúan as primeiras prazas.

Hai que dicir, ante todo, que en Galiza non existía nen existe a cria de touro bravo, nen o ecosistema adecuado para o facer. A partir do ano 1890 van xurdindo diferentes iniciativas de mans das burguesías locais e dos concellos para construír prazas de touros, aproveitando a chegada do tren a Galiza nesa mesma época, que permitiría o traslado das gandarías desde miles de quilómetros de distancia.

Sen dúbida, a corrente ideolóxica que xurde despois da caída do Imperio español, e que tenta afianzar unha cultura uniforme en todo o territorio do estado, dá lugar ao interese pola construción das prazas de touros nesa época como un símbolo máis da cultura que se pretendía como xenuinamente española.

A praza de San Roque, máis correctamente chamada das Corbaceiras ou do Campo da Torre, tivo unha versión previa de madeira en 1892, que sería substituída por unha de pedra en 1899. Construíse a partir de doazóns da burguesía local, e hai que recordar que naquela altura o concello cedoulles gratuitamente aos particulares unha finca que até entón era pública. Alí estendían os mariñeiros as redes para a pesca.

Desa etapa datan tamén as prazas de Compostela, en 1897, da Coruña, en 1884 e a de Vigo en 1896. Desas tres prazas a única que permaneceu no tempo foi a da Coruña, derrubada en 1967 por intereses urbanísticos. O feche das prazas dá idea do escaso interese que durante toda esa etapa espertaban as corridas en todo o territorio, mesmo en etapas tan escuras como o Franquismo.

No caso da única praza de touros que sobreviui finalmente, a de Pontevedra, existía unha única corrida anual durante o verán, até que no ano 1982 os novos empresarios que mercaran a praza decidiron aumentala, aproveitando o turismo xerado polo Mundial de fútbol.

Os irmáns Lozano deseñan unha táctica para revitalizar a festa, xunto con empresarios da hostalaría e o apoio das institucións públicas locais daquela época, que vai ser o apoio e axuda económica para formar peñas taurinas. É así como se pasa de unha sóa a máis de dez en pouco tempo.

Nesta mudanza do carácter das touradas a festivo, e durante vinte anos, van xurdindo peñas, sobre todo de mozas e mozos, que por mímese, tan só buscan a diversión polas rúas da cidade. Este fenómeno de “peñas” lonxe de estar directamente ligado ao maltrato animal que se vive dentro da praza, conecta, máis ben, coas festas do viño ou da auga que de forma similar dase noutras vilas en festas. De tal forma este divertimento está máis ligado á Praza do Teucro ou calqueira doutras prazas e rúas do casco vello de Pontevedra que a propia Praza de Touros. Neste fenómeno “festivo” de “peñas”, realmente, non fai falla torturar ata a morte a ningún animal nesta cidade.

Durante toda esta etapa existiu unha complicidade por parte das institucións locais, mercando dúcias de entradas e agasallándoas ou promocionando a festa. Tamén o apoio decidido dos medios de comunicación da cidade, que en base á publicidade das touradas adicaban numerosas páxinas e especiais informativos a cubrir até a última anécdota relacionada coas corridas, revestíndoas dun prestixio tan falso como hipócrita.

A partir do ano 2.000 o goberno municipal muda, suprime axudas ás touradas, presenza institucional e as barras nas rúas, provocando unha manifestación pro-taurina até o concello e numerosas pancartas e asubíos na praza de touros. Pero os que politizamos somos os anti-taurinos, recordémolo.

Cómpre recordar que aquel ano os mesmos que defendían as touradas tamén criticaban a supresión da figura retrógrada da raíña das festas. Unha vez máis, touradas e machismo collidos da man.

Na actualidade, é a Deputación de Pontevedra a que dá cobertura institucional e económica ás touradas. Apesar da dificultade para obter os datos, sabemos que nos últimos anos ten financiado a promoción das touradas através da semana cultural taurina. Patrocina á Coordinadora de Peñas Taurinas e ten contratado bandas de música e charangas para a praza, así como agasallos diversos para os asistentes, como os 8.500 panos do ano 2007 ou os 5300 abanicos. En cando menos dous exercicios subvencionan con miles de euros as actividades de unha coñecida peña taurina presidida por un familiar da vicepresidenta da deputación. Unha peña taurina que por certo contempla entre as súas actividades a de peña gastronómica. E fica aínda moito por desvendar.

No entanto, os propietarios da praza son multimillonarios que posúen un Imperio Taurino, con numerosas prazas de touros, gandeirías e infraestruturas para o negocio dos touros, que como sabemos leva até 500 millóns de euros en subvencións públicas estatais e europeas todos os anos, através da cria de gando e de axudas directas.

Dos irmáns Lozano, explotadores do martirio animal, só podemos dicir até o momento que desenvolven unha actividade até o día de hoxe, e por desgraza, legal, eximida pola Lei Galega de Protección Animal que sí pena o maltrato sen xustificación de calquera outro ser vivo.

Pero pouco podemos agardar dos mesmos gobernantes da Xunta que acuden ano tras ano ás touradas e apoian a barbarie coa súa presenza e declaracións.

Mentres tanto, reivindicamos do Concello de Pontevedra un papel máis activo na causa antitaurina. É inexplicábel como despois de 4 anos situando como unha das nosas demandas a retirada das touradas na publicidade das festas se segue a facer, ou tolerando a excesiva publicidade que a pé de rúa teñen os panéis metálicos taurinos, auténticas barreiras arquitectónicas nunha cidade que presume de ter humanizado as rúas ao cumprir este criterio.

Tamén que evite toda colaboración ou convenio cos propietarios da praza e estudie, en virtude da titularidade pública dos terreos onde se asentou primitivamente a praza, un futuro alternativo para a mesma a longo prazo, que para nós pasa pola súa reconversión.

Estamos lonxe do caso de concellos como o da Coruña que financia directamente as touradas, que aínda así dan perdas todos os anos, mais non por iso debemos de dar un toque de atención ao concello pontevedrés para que atenda as demandas xustas dos antitaurinos.

A partir de agora, e en base á competencia, esforcémonos en abolir as touradas en Galiza para contribuímos á causa internacional. Deberemos facer fronte común cos demais colectivos antitaurinos que operan no territorio para levar as nosas demandas ao Parlamento e esixir a reforma da Lei de Protección Animal, seguindo os pasos trazados polo Parlament Catalán e abolirnos esta vergoña.

Non podemos nen debemos subestimar a nosa capacidade para mudar as cousas. En Vigo, o movemento antitaurino logrou paralizar o intento por construír unha praza hai 10 anos, e os casos xa citados de Catalunya ou das Canarias amosan o camiño.

Tamén os casos intencionadamente silenciados da recente prohibición en Ecuador, Venezuela e Nicaragua, e están debatendo o tema en Colombia. Cada vez quedan

menos reductos para a tauromaquia, e son cada vez mais os países que van eliminando do seu ordenamento xurídico o maltrato legal aos animais.

Non é unha utopía, por tanto. Pero para logralo, precisamos esforzo, unión e dedicación.

As touradas, xunto as lapidacións humanas, a violencia de xénero, a abrasión do clítoris; pertencen a unha cultura da violencia, da dominación, da tortura, da sangue, da impiedade, do dor e da morte.

A tortura animal como práctica e como espectáculo non poden coexistir cos valores da democracia, dos dereitos humanos e dos animais, nen poden coexistir cunha cultura da resolución pacífica dos conflitos.

A abolición das touradas enténdese nun contexto de convivencia democrática, so posíbel grazas áos comportamentos e normas sociais que condenan determinados comportamentos.

Touradas non, abolición!

Pontevedra, 13 de agosto de 2011